



Santiago Prol rescata a biografía de Benigno Álvarez

O historiador de Maceda, que o considera o 'Che' galego, inclúe no libro unha entrevista coa filla do comunista. **Páx. 35**



Zënzar celebra cunha xira vinte anos de rock

Negreira, Guitiriz, Vedra e Teo acollerán os próximos concertos da banda que lidera o seu vocalista, Bocixa. **Páx. 37**

A Academia Francesa, contra as linguas rexionais

A institución opónse ao recoñecemento do bretón, vasco e catalán como parte do patrimonio da nación na Constitución. **Páx. 36**

maré Hoxe

MARTES

17

mare@galicia-hoxe.com

MARÉ

17.06.2008 | GALICIA HOXE | 35

LIBRO O historiador Santiago Prol achega novas investigacións sobre a vida e a morte de Benigno Álvarez, "o líder máis carismático do PCE en Galicia" que foi asasinado no 36

O Che Guevara galego

Foi un dos principais líderes defensores do emprego do galego, mesmo en Congresos comunistas nacionais

V. Oliveira · Santiago

"Eu sempre digo que buscamos mitos fóra pero témolos aquí como Benigno Álvarez que para min é o noso Che Guevara". Desta forma plástica define o historiador e mestre Santiago Prol (Maceda, 1960) o veterinario comunista que acadou relevancia no PCE en Galicia durante a II República e que foi duramente perseguido e asasinado tras o alzamento militar do 36.

"Foi o líder máis carismático do PCE na Galiza da xeira republicana. Se nas eleccións a compromisarios de febreiro do 36, obtivo máis de 20.000 votos, nas de abril dese mesmo ano conseguiu 85.000 votos. A súa proxección pública era inmensa xa dende antes: cando era candidato da Fronte Popular con Alexandre Bóveda, reuniu máis de 10.000 persoas nunha manifestación que impugnaba os resultados das eleccións na circunscrición ourensá", explica.

Un carisma que se intúe, asemeade, dunha descrición que Manuel A. Benavides fai do veterinario comunista galego, incluída por Santiago Prol no libro que presentou o pasado venres, día 13 en Maceda: "De pequena estatura, estreito de peito, a pel morena, o cabelo negro e rizado, e na mirada unha gran luz. Pola faciana de Benigno Álvarez derramábase dozura". Pero se algo define o seu carácter reivindicativo, segundo



Benigno Álvarez á esquerda, e Santiago Prol, á dereita con Francisco Carballo, ó seu lado, e Alfonso Eiré



DATOS Mostra no Castelo de Maceda

Dende o venres pasado, día 13 até o 20 deste mes, pódese visitar no Castelo de Maceda a exposición 'Benigno Álvarez, a mirada de transparencias cordiais' que o historiador Santiago Prol comisariou en 1997. Ese mesmo ano tamén lle organizou unha homenaxe ao comunista de Maceda, que consistiu na inauguración dunha praza co seu nome e unha placa nun monólito en lembranza aos fusilados. "A mostra recuperámona agora e agardamos que se poida ver durante máis días, para que ningún quede sen vela", apunta.

explica Santiago Prol, era que "pasou de ser un cadro importante da burguesía local, cunha posición económica asentada, a un activista cultural cunhas ideas que o levaron a un partido de esquerdas".

En 1931, entra no Partido Republicano Radical Socialista e incluso chegou a ser nomeado alcalde de Maceda, posto ao que renunciaría en circunstancias pouco claras días despois. Nese mesmo ano, comeza a súa militancia no Partido Comunista Español en Ourense e na súa intervención no Congreso do PCE en 1932 negouse a falar en castelán: dixo que representaba a Galicia e que, polo tanto, só podía falar en galego. "En moitos actos, Benigno Álvarez levaba a galeguistas a Maceda como Bencho-Sey que eloxiaban que falase en galego xa que, daquela, salvo os galeguistas, as intervencións eran en castelán", apunta o historiador.

Outro factor importante da súa personalidade para achegarse á xente era a súa capacidade para analizar a realidade do mundo rural galego.

De feito, presidiu a Federación Campesíña Provincial de Ourense en 1936 e segundo explica Santiago Prol, "facía un labor sindical capital: dende o PCE sabía o importante de inflitrarse nas organizacións campesinas e era unha persoa moi querida en Ourense".

Sabendo da forza que tiña Benigno Álvarez dentro do PCE, a represión deixouse caer sobre el e a súa familia, coa morte de cinco dos nove irmáns, mais o seu fillo Ícaro. "É un dos casos máis paradigmáticos do exterminio dunha familia, unha das máis masacradas. O historiador Francisco Carballo, que veu á presentación do libro, di que o Auschwitz dos galegos foi o 36, vai sendo hora que se recoñeza", asegura o historiador. ●

BIOGRAFÍA

"Non son un cazafalanxistas"

"Este é un libro de recordos, cargado de humanidade, que revela novas facetas de Benigno Álvarez: o político, o escritor, o humanista", sinala o autor do libro. Ao seu ver, representou "un líder revolucionario e pragmático, que abandonou a resistencia contra o poder, pero só puido acabar intentando salvar o pelexo". O historiador considera que a obra "non é un axuste de contas: eu non son un cazafalanxistas, sempre encaro biografías en positivo pero parece que se tocas ao PCE entras en terreo prohibido".

Entrevista coa súa filla Lola

O libro fai unha achega inédita até agora: a testemuña da súa filla Lola, que a compañeira de Benigno, Enriqueta Iglesias, pariu cando estaba no cárcere no 37. "Descubrín hai dous anos que Lola estaba viva, e fun á súa casa de Xixón a facerlle unha entrevista. O seu relato está cargado de humanidade pero é demoledor. Ninguén lle falara de Benigno, incluso descoñecía que dúas irmás e o seu pai vivían en México e outra en Rusia. Incluso descoñecía a homenaxe que lle fixemos a Benigno en Maceda", conta Santiago Prol.